


VIII Ciclo de Música de Cámara

Petiscos Musicais



(Debuxo: Laura Vázquez Vázquez)

Presentación do Ciclo

No ano 2015 Fundación Vicente Risco encetou unha nova actividade da man da profesora de piano Cristina Vázquez Canal. Estamos a falar dos *Petiscos Músicais*, un ciclo anual de catro concertos que tivo unha gran acollida entre os amantes da música de cámara. Motivo que nos animou a programar unha nova tempada, da que achegamos avance de programa.

Lembramos que a capacidade da sala do piano é de trinta e cinco (35) persoas, pero pola normativa COVID-19 este ano o aforo será de 20 persoas, polo que a inscrición será por rigorosa solicitude e pago do correspondente abono na conta da Fundación Vicente Risco.

A doazón mínima para o abono dos catro concertos é de 40,00€. Conforme á Lei do Mecenado os beneficios da exención fiscal no caso de empresas é o 35% e nos particulares o 25%.

Lembramos que co fin de dar uso ao piano, e con independencia de que se poidan organizar outros concertos puntuais, valoramos a posibilidade de que alumnos de piano que desexen practicar acompañados do seu profesor, poderán usar o piano. Aquelas persoas que colaboren cunha doazón poderán propor un alumno, aínda que non queiran adquirir os bonos para os concertos.

NORMAS COVID-19

- O público asistente deberá levar unha mascarilla para a súa protección e non poderá quitala durante o concerto.
- O público intentará entrar e saír da sala de concerto mantendo a distancia de seguridade e seguindo as instrucións para entrada e a saída que se lles indiquen.

Para maior seguridade haberá xel hidroalcohólico a disposición do público asistente.

Agradecendo de antemán a súa atención,
reciba un cordial saúdo.
Padroado da Fundación Vicente Risco.

Organiza: Fundación Vicente Risco.

Coordina: Dona Cristina Vázquez Canal, profesora de piano do CMUS Xinzo de Limia.

I CONCERTO

Sábado, 5 de febreiro de 2022, ás 20:00 h.
Sala de piano da Fundación Vicente Risco.

Ingrid Sofolarova
(piano)



III CONCERTO

Sábado, 8 de outubro de 2022, ás 20:00 h.
Sala de exposicións da Fundación Vicente Risco.

Juan M. Vázquez

(instrumentos históricos de corda)

II CONCERTO

Sábado, 11 de xuño de 2022, ás 20:00 h.
Sala de exposicións da Fundación Vicente Risco.

Daniel Alexandre Iglesias
(guitarra)



IV CONCERTO

Sábado, 19 de novembro de 2022, ás 20:00 h.
Sala de piano da Fundación Vicente Risco.

Cristina Vázquez Canal

(piano)

Ingrid Sotolarova, *piano*

(República Checa/Portugal)

Naceu em Brno (República Checa). Iniciou os seus estudos musicais os seis anos da idade. Ten de vários prémios de Concursos de piano na sua terra natal: Prémio no Concurso Nacional de Piano das Escolas Musicais Básicas de Checoslovaquia, Diploma de finalista do Concurso Internacional “Prémio Beethoven”, III.Prémio e Prémio Especial para Interpretação de Música Contemporanea no Concurso Nacional “Prémio Beethoven”.

Entre 1978 e 1982 concluiu o Diploma de Professora de piano e de pedagogia no Conservatório Estatal de Música de Brno. Continuou os seus estudos na Academia Superior das Artes Musicais (JAMU) em Brno, coa professora Inessa Janichkova, discípula de Heinrich Neigaus (Licenciatura e Mestrado de Interpretação Pianística e Pedagogia, JAMU Brno.)

Trabalhou como pianista acompanhante e membro da Orquestra da Ópera e Balet de Teatro Nacional de Brno e Assistente Especial no departamento de Cordas e Canto de Ópera na Academia Superior das Artes Musicais (JAMU Brno).

Desde 1992 prosegue a sua actividade docente e pianística en España (Vigo,Galiza) e Portugal. Ten actuado en numerosos recitais (solista e acompanhante) e é orientadora de masterclasses e workshops de piano na República Checa, España, Portugal, Alemanha, Grécia e Brasil.

Entre 1998 – 2015 é pianista acompanhante nas Escolas Profissionais Artísticas do Viana do Castelo (EPMVC) e Vale do Ave (ARTAVE), pianista titular da Coral Casablanca del Círculo Mercantil de Vigo (Galiza), assistente convidada no Departamento de Música Universidade Minho (Braga) e ESMAE (Porto).

Do 2010 a 2018 é professora de piano e pianista acompanhante no Conservatório de Guimarães.

Actualmente é pianista acompanhante - assistente convidada da Escola das Artes da Universidade Évora.

Daniel Alexandre Iglesias Losada, *guitarra*

Nace no 1977, en Seixalbo (Ourense), nunha familia na que existen xa inquedanzas musicais que veñen da man do seu pai e do seu tío. Á idade de 7 anos comeza a recibir as súas primeiras leccións de guitarra da man do seu pai para posteriormente ingresar no Conservatorio Profesional de Ourense onde cursa os seus estudos de guitarra da man do profesor Marcos Díaz Fuentes remantando o grao profesional de xeito destacado e coas máis altas calificacións.

Seguídamente ingresa no Conservatorio Superior de Vigo onde realiza estudos superiores baixo a dirección de Tomás Camacho remantando dita etapa no ano 1997 co Premio Extraordinario de Fin de Carreira. Durante a súa etapa de formación asistiu a cursiños de perfeccionamento como os impartidos na cidade de Ourense por intérpretes da talla de David Russell, William Kanengiser e chegando a participar tamén nas master class impartidas por Manuel Barrueco e Alex Garrobé.

Ademais da súa formación como músico clásico profundizou tamén en diversos estilos entre os que mostrou un interese especial polo rock e a escena musical alternativa, participando en diversas formacións do panorama rock ourensán, e interesándose tamén polo campo do jazz no cal asistiu a clases co guitarrista Kelly García.

Dende o ano 1998 é profesor de Ensino Secundario no IES de Allariz e compaxina a súa labor pedagóxica coa realización de concertos como solista e como colaborar en diversos en diversos actos musicais.

Juan Manuel Vázquez, *instrumentos históricos*

“Nocturno” (Sam Cristovo de Cea, 1978) é, probablemente, un dos máis claros exemplos do refrán “aprendiz de muito, mestre de nada”. Estudiu guitarra clásica no conservatorio profesional de música de Ourense o seu interese pola música levouno a estudar instrumentos de corda pulsada antiga e música popular urbana –folk, rock e metal extremo, poesía, pintura, audiovisual, matemáticas, astronomía..., e, ultimamente, organizador de eventos varios, valerían para resumir un bo feixe de estudos realizados en varias disciplinas e con moitas e moi diversas mestras e professoras, proxectos musicais (cuma moreia de gravacións e concertos nas suas costas) e non musicais desenvolvidos.

Leva xa uns anos sendo un orgulloso professor de Música em Secundária no I.E.S. Lama das Quendas em Chantada, e dende há quatro anos, xunto coa sua dona Irma, está a descubrir de novo o mundo coa pequena Luz. Algo haverá de tudo o que tem feito (e o que ainda tenha por fazer) que xustifique o seu passo polo mundo.

Cristina Vázquez Canal, *piano*

Nace en Ourense en 1979. Acada o título profesional de piano no ano 2000 no Conservatorio Profesional de Ourense. No ano 2002 acada o título superior de Linguaxe Musical no Conservatorio Superior de Coruña.

Durante o curso 2002-2003 realiza un curso intensivo de interpretación pianística na Facultade de Música, Academia Janáček de Música e Artes Escénicas (JAMU) na República Checa con Zdeněk Hnát. Do 2005 ata o 2012 foi alumna da pianista Ludovica Mosca.

Como intérprete participou no “II Ciclo de Xoves Concertistas de Ourense”, no “IV Concurso de Jóvenes Intérpretes de Xátiva”, ambos no ano 2000, no “IV Ciclo de Jóvenes Intérpretes”, ano 2003, organizado pola Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza e en diversos concertos organizados pola Escola Juan Pedro Carrero (Barcelona) do 2005-2012. Do 2012 ao 2017 forma o “Dúo Bolboreta” con Dna Alba Romero coa que actúa en diferentes eventos na provincia de Ourense.

Participa de forma activa en cursos de interpretación pianística con profesores como: Cecilio Tieleles, Luiz de Moura, M^a Jesús Crespo, Luca Chiantore e realizou un curso de “Biomecánica del piano” con Pablo Gómez en Musíkeon (Valencia).

A súa inquietude pedagóxica lévalle a facer diversos cursos relacionados coa ensinanza Universidade de San Jorge (2009-2010), e na Universidade Camilo José Cela (2011-2012), fixo un curso de Método Dalcroze”, en Barcelona e tamén participou no curso “pedagogía en el piano” impartido por Musíkeon (Valencia) (2012-2013).

Dende o 2003 ata o 2010 traballou como profesora de piano, pianista acompañante de danza e de diferentes instrumentos en diversos Conservatorios Profesionais do sur de Galiza. Dende o 2010 ata a actualidade é profesora de piano e outras materias no Conservatorio Profesional de Xinzo de Limia. Dende o 2015 colabora coa Fundación Vicente Risco na creación e organización de Petiscos Musicais.

